

**FOMENTO DA MOBILIDADE SOSTIBLE
ITINERARIO PEONIL E CICLISTA NA PO-303.
TREITO: PICÓN-TANOIRA**

1. Obxecto da Actuación

O obxecto do presente proxecto é definir e valorar a execución dun novo itinerario de uso mixto, peonil e ciclista, no treito comprendido entre os puntos quilométricos (pp.qq.) 10+630 e o 11+865 da estrada PO-303, na parroquia de Xil (santa Eulalia), no concello de Meaño, provincia de Pontevedra.

2. Plan de Estradas

A estrada convencional PO-303, *Samieira (PO-308) - Castrelo (PO-550)*, entre os pp.qq. 10+630 e 11+865, pertence a rede local da Rede Autonómica de estradas de Galicia (RAEG).

3. Descrición da Actuación

A nova senda deséñase co mesmo trazado en planta e alzado que a estrada sobre a que se apoia, tan só se despraza levemente na marxe esquerda entre os pp.qq. 10+910 e o 11+010. Irá separada da estrada por un bordo prefabricado de formigón de 22x15 cm e elevada 10 cm sobre a calzada. Entre os pp.qq. 10+630 e 11+740 a senda discorrerá pola marxe dereita, dando continuidade á beirarrúa existente á saída do núcleo de Picón, cruza a estrada, e entre os pp.qq. 11+740 e 11+865 discorre pola marxe esquerda ata conectar coa beirarrúa existente á entrada ao núcleo de Tanoira. Para garantir a continuidade e seguridade do itinerario, proxéctanse dous novos pasos de peóns: un na estrada EP-9305, permitindo o cruzamento transversal na contorna da glorieta, e outro no p.q. 11+745, para conectar a senda coa beirarrúa existente no núcleo de Tanoira.

O proxecto completase coa mellora da parada de autobús existente na marxe dereita no p.q. 11+620, que se desprazará lixeiramente cara á glorieta habilitando un ramal de acceso.

4. Características técnicas

Sección tipo: a senda conta cunha lonxitude aproximada de 1.235 m e unha sección tipo de 2,02 m e (0,22 m de bordo e 1,80 m de largo) e elevada con respecto á rasante da calzada 10 cm, agás nos accesos ás vivendas ou fincas que se reduce a 2 cm. A pendente transversal máxima é do 2% variando o sentido da inclinación para facilitar a evacuación das augas e mellorar o encaixe cos accesos e entradas actuais. A estrada manterá unha beiravía de 0,50 m e dous carrís dun mínimo de 3,50 m.

Trazado: o trazado proxectado apóiase na actual estrada cun ancho total de 2,02 m (0,22 m de bordo e 1,80 m de largo) agás na entorna dos pp.qq. 10+975 e 10+990 que reduce a 1,80m, adaptando a senda a realidade da entorna, edificacións, peches, etc.

Firmes e pavimentos:

- Senda: sobre unha base de 20 cm de solo adecuado aplicarase un formigón bicapa (10 cm de HF-3,5 gris e 6 cm de formigón HF-3,5 de cor terriza). Nos accesos aos pasos de peóns, nos inicios e finais da senda e nas paradas de autobús dispónse pavimento podotáctil. Nos accesos de vehículos o pavimento terá un espesor de 20 cm e reforzarase cun mallazo Ø10 en malla de 15x15 cm.

- Parada de autobús: non se prevé o afirmado do tronco da estrada, agás da parada de autobús no p.q. 11+620. A sección adoptada para esta actuación puntual será: 35 cm de saburra artificial + capa base de 10 cm de mestura bituminosa en quente (MBQ) tipo AC-32 base BC50/70S + rodadura de 6 cm de MBQ tipo AC 22 SURF BC50/70 S; coas correspondentes regas de imprimación e adherencia entre as capas.

Drenaxe: adaptarase a drenaxe actual á presenza da nova senda coa colección de PVC de 400 mm de Ø e sumidoiros de recollida de augas da plataforma que se colocarán xunto ao bordo. No treito entre os pp.qq. 10+760 e 10+800 dispónse unha gabiá que conectará coa gabiá existente. As conexións entre os elementos de drenaxe realizarase mediante tubos de PVC de 160 mm de Ø.

Estruturas: executaranse dous pequenos muros de coeira nos pp.qq. 9+070 e 9+870, para incrementar neste treito o espazo dispoñible.

5. Poboación Servida

Meaño hab. 5.237 (IGE 2025)

TOTAL: 3.678 hab.

6. Concellos Afectados

Meaño

7. Expropiacións

Parcelas afectadas: 9 (362 m²) no concello de Meaño.

Solo	2.598,10 €
Bens afectados	2.120,00 €
Premio de afección 5%	235,91 €
Ocupación temporal	32,55 €
Total Expropiacións:	4.986,56 €


8. Prazo de execución

O prazo de execución das obras previsto é de DOCE (12) meses.


9. Orzamentos

Orzamento Base de Licitación (c/IVE)	714.217,02 €
Orzamento de expropiacións e reposición de bens	4.986,56 €
Orzamento reposición de servizo	2.766,57 €
Orzamento para coñecemento da administración	721.970,15 €

PLANO DE SITUACIÓN




SECCIONES




SECCIÓN TIPO SENDA PEATONAL Y CICLISTA

Escala 1:20 en A3 (cotas en m)



SECCIÓN TIPO SENDA PEATONAL Y CICLISTA EN ACCESOS DE VEHÍCULOS

Escala 1:20 en A3 (cotas en m)



SECCIÓN TIPO PARADA BUS
SECCIÓN DE FIRME 3221

Escala 1:50 en A3 (cotas en m)